

ANUNCIO PARA ADQUISICIÓN DE XOGUETES DA CAMPAÑA DE REIS 2020.

Número de expediente: 2019041803.

ADQUISICIÓN XOGUETES CAMPAÑA REIS 2020

1. OBXECTO DO SUMINISTRO:

A adquisición de 496 xoguetes para nenos e nenas en idades comprendidas entre 1 e 10 anos. Desglosado por idades, e produtos propostos:

	DESCRIPCIÓN DEL JUGUETE	Cantidad	Precio B.I.	IVA (21%)	PRECIO UNIDAD CON IVA	PRECIO TOTAL B.I.	IVA (21%)	IMPORTE TOTAL IVA incluido
1 año	Triciclo Trike	28	24,79	5,2	29,99	694,12	145,6	839,72
2 años	Bicis Chicco First	41	24,79	55,20	29,99	1.016,39	213,2	1.229,59
3 años	Caja Registradora.	36	21,74	4,56	26,30	1.673,98	351,12	2.025,1
4 años	Caja Registradora.	41	21,74	4,56	26,30	1.673,98	351,12	2025,1
5 años	Pin y Pon: Burguer o Furgón.	59	24,71	5,19	29,90	1.457,89	306,21	1.764,1
6 años 7 años 8 años	Juego maletín de Playmobil.	64 52 47	24,79	5,21	30	4.040,77	849,23	4.890
9 años	Diana Electrónica	63	24,79	5,20	29,99	1.561,77	327,6	1.889,37
10 años	Reloj inteligente para niños	65	29,74	6,25	35,99	1.933,35	406	2.339,35
TOTAL		496				12377,88	2599,35	14977,23

2. SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO:

A empresa subministradora axustarase aos prezos e produtos propostos, sin poder, exceder, en ningún caso o total expresado na táboa: 12377,88 €+2599,35 (21% IVE) = 14.977,23 €.





3. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

1. Aspectos a valorar:

A empresa deberá adaptarse á selección dos produtos eleixidos ofertando o número de xoguetes propostos para cada grupo de idade ou outros moi similares.

A empresa terá un local comercial no termo municipal do Concello de Ourense para facilitar a recollida de xoguetes as familias.

2. Prazo: 7 días naturais contado a partir do día seguinte á publicación deste anuncio na páxina web deste Concello (www.ourense.gal).

3. Documentación a presentar:

- Escritura de constitución ou modificación, de selo caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible consonte á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, de selo caso, no correspondente Rexistro Oficial, así como o Código de Identificación Fiscal (NIF), todo isto en orixinal ou copia que teña o carácter de auténtica conforme á lexislación vixente, ou fotocopia compulsada por funcionario habilitado para isto.
- Declaración relativa a non estar incurso en prohibicións e incompatibilidades para contratar coa Administración.
- Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, sempre que exerza actividades suxeitas a este imposto, referida ao exercicio corrente, ou completado cunha declaración responsable de non ter dada a baixa na matrícula do citado imposto.
- Certificacións positivas expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria e pola Administración Tributaria da Comunidade Autónoma, na que se conteña, xenericamente, o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 do RGLCAP.
- Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 14 do RGLCAP.
- Oferta económica con indicación expresa de presos unitarios e prezo total e na que se consignará separadamente o IVE correspondente aos presos ofertados.
- Oferta descritiva do material obxecto do subministro, número de unidades de cada produto.



4. Modo:

Indistintamente, por calquera dos seguintes:

- a. Presentacialmente, no rexistro xeral do Concello de Ourense, Maior, nº 1, Ourense.
- b. Por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Efecto:

A presentación da oferta implica a aceptación total e incondicionada, pola persoa ou empresa presentadora, das condicións do contrato publicada na pax. Web.

4. ENTREGA DOS BENS SUBMINISTRADOS

- a. Prazo: entre o 30 de decembro de 2019 e o 5 de xaneiro de 2020.
- b. Lugar: Nas instalaciónns da empresa adxudicataria no termo municipal do Concello de Ourense.
- c. A entrega deberá facerse a cada familia portadora dun vale da Concellería de Asuntos Sociais.

5. PAGO DO PREZO DO SUBMINISTRO

O pago do prezo do subministro realizarase trala presentación pola persoa ou emeprea subministradora dunha única factura que reúna os requisitos legalmente establecidos.

Ourense, na data de sinatura electrónica.

